



## CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

O Concello de Friol quere invitarte a que asistas á **FESTA INFANTIL DOS REIS MAGOS** que se celebrará este Nadal para os nenos e nenas do Municipio de ata catorce anos de idade.

A festa celebrarase o vindeiro día 5 de xaneiro ás 5 da tarde, no **PAVILLÓN POLIDEPORTIVO MUNICIPAL**, onde se instalará o escenario para recibir **AOS REIS MAGOS DE ORIENTE**. As súas maxestades recollerán unha por unha as vosas cartas e poderás facer unha fotografía con eles, se o desexas.

A xornada amenizarase con música, globos, serpentinas, confeti e outras sorpresas. Tamén poderás desfrutar de xogos e INCHABLES como outros anos, e expoñeranse as manualidades e traballos realizados nos OBRADOIROS DE NADAL organizados polo Concello.

So poderás acceder ao recinto da festa con dous acompañantes, como máximo, e sempre que leves contigo a entrada que se che enviou á casa por correo. Sen presentar esa entrada personalizada, non poderás acceder ao interior do pavillón.

